

CONCELLO DE FRIOL

PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE PEÓNS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL.

SEXTA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO TRIBUNAL PARA RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIONES PRESENTADAS A SEGUNDA PROBA E DEMAIS ACORDOS SOBRE A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE PEÓNS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL.

Lugar: Casa do Concello de Friol

Data: 05.04.2022

Hora de inicio: 9:30 horas.

Hora de finalización: 11:00 horas.

Asistentes:

Presidente: Jesús Manuel Conde Fernández.

Secretario: José Manuel Loureiro Corrales.

Vocal: José Manuel Rocha Sánchez.

Personal colaborador na ordeación documental e vixilancia: María Paz Rodríguez Rivera.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da sesión anterior.
2. Resolución das alegacións presentadas con respecto ao resultado da segunda proba da oposición.
- 3.- Corrección de errores numéricos na valoración outorgada a cada pregunta da proba práctica realizada.
4. Aprobación e publicación dos resultados definitivos da segunda proba.
- 5.- Puntuación total acadada polos aspirantes no procedemento.
6. Proposta do listado dos aspirantes por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección.

Reunidos os integrantes do Tribunal designado para o proceso selectivo indicado, aproban os seguintes

ACORDOS

1. Aprobación da acta da sesión anterior.

Pregunta o Presidente se algún dos asistentes desexa formular algúna observación respecto da Acta da sesión anterior. Non se formulan observacións, polo que se considera aprobada por unanimidade.

2. Resolución das alegacións presentadas con respecto ao resultado da segunda proba da oposición.

Publicados os resultados do segundo exercicio previsto nas Bases que regulan a convocatoria, dentro do prazo establecido a tal efecto, presentáronse as seguintes reclamacións:

1. JAVIER PRIETO RIVAS – Identificador JP

CONCELLO DE FRIOL

PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE PEÓNS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL.

Manifesta o seu desacordo coa valoración do segundo exercicio realizado en data 31.03.2022, tanto en relación coa valoración dos diferentes apartados así como coa puntuación outorgada a cada apartado da proba práctica.

Para unha cabal comprensión do alcance das reclamacións e a fundamentación das decisións que adopte o Tribunal, procédese a ordenar as cuestións obxecto de reclamación con referencia sucinta ás distintas reclamacións de que foron obxecto.

É preciso recordar, en primeiro lugar, que Tribunal aprobou as instruccións para a realización do examen e procedeu a sua lectura aos aspirantes con anterioridade ao comezo da proba, podendo solicitar as aclaracións que estimasen oportunas, deixando constancia do inequívoco coñecemento por parte de todos os aspirantes.

RELACIÓN DE CUESTIÓNS OBXECTO DE RECLAMACIÓN:

Nº	Identificador	RESUMO DA PARTE EXPOSITIVA	PRETENSIÓN
PRIMEIRA	JP	Alega que non entende a puntuación outorgada polo tribunal na pregunta 2.	Que se lle valore con 2 puntos a pregunta 2
Resolución do Tribunal: Sen entrar a valorar as manifestacións que o aspirante realiza sobre os comentarios que o alegante di que foron realizados no transcurso da proba, o criterio do tribunal, e que consta nas actas de corrección é correcto, pois a segunda proba, no momento da revisión e valoración non estaba correctamente executada. En relación o tempo de execución, en ningún momento se estableceu polo tribunal un tempo para cada parte da proba, a distribución fixose polos aspirantes como consideraron oportuno, sen existir tempo para cada un dos supostos da proba. O tribunal por unanimidade e seguindo o criterio de puntuación para todos os aspirantes otorgoulle o aspirante 0 puntos.			
DESESTÍMASE A RECLAMACIÓN.			
SEGUNDA	JP	Solicita que se reconsidera a puntuación outorgada polo tribunal na valoración global en base a que a pregunta 2 foi realizada correctamente, expoñendo cuestións sobre a proba na pregunta 3.	Que se reconsidera a puntuación global
Resolución do Tribunal: O tribunal estableceu os criterios para a puntuación global outorgada a cada aspirante, sen que corresponda o alegante, establecer os mesmos e poñer de manifesto como se outorgan as puntuacións, o tribunal é soberano para valorar o exercicio.			
En relación as manifestacións sobre a pregunta 3, a proba non se realizou correctamente, tal e como se reconoce nas alegacións, polo que segundo o criterio establecido polo tribunal lle corresponden 0 puntos.			
DESESTÍMASE A RECLAMACIÓN			
TERCEIRA	JP	Error matemático no reparto de puntuacións	Que se revise o error.
Resolución do Tribunal: A proba práctica constaba de 5 preguntas valoradas cada unha das mesmas coas seguintes puntuacións: P1 -2 puntos, P2- 2 puntos- P3 1,5 puntos P4 1,5 puntos – P Global 3 puntos.			
Na acta cometeuse un error numérico e outorgáronse 1,5 puntos a pregunta 1, cando lle corresponden 2 puntos, polo que en atención o disposto no artigo 109.2 da lei 39/2015 PACAP, procede rectificar o error aritmético sufrido na valoración provisional de puntuacións outorgadas aos aspirantes.			
ESTÍMASE A RECLAMACIÓN			

CADRO RESUME

ALEGACION	RESULTADO DA RESOLUCIÓN
PRIMEIRA	DESESTIMADA
SEGUNDA	DESESTIMADA
TERCEIRA	ESSTIMADA

CONCELLO DE FRIOL

PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE PEÓNS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL.

3.- Corrección de errores numéricos na valoración outorgada a cada pregunta da proba práctica realizada.

A base 8 da convocatoria do proceso selectivo establece "Segundo ejercicio. Proba práctica,... (Puntuación máxima: 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba).

Na valoración de cada unha das preguntas da proba práctica produciuse un error numérico outorgando a pregunta 1, unha valoración de 1,5 puntos sendo a puntuación que lle debe ser outorgada de 2 puntos.

A tenor do disposto no artigo 109 da PACAP, este tribunal procede a corrección do error numérico padecido, quedando as puntuacións da proba práctica tal e como se reflicte de seguido:

PREGUNTA	PUNTUACION
PREGUNTA 1	2
PREGUNTA 2	2
PREGUNTA 3	1,5
PREGUNTA 4	1,5
PREGUNTA 5	3

4. Aprobación e publicación dos resultados definitivos da segunda proba.

RESULTADOS 2º PROBA PRACTICA

ASPIRANTE	TEMPO	P1 (2 Puntos)	P2 (2 Puntos)	P3 (1,5 Puntos)	P4(1,5 puntos)	GLOB (3 Puntos)	TOTAL
BELLO CASTRO MANUEL	4,50	2	2	0	1,5	1,5	7
FERNANDEZ BARREIRO NILO	4,28	2	0	0	0	1	3
GONZALEZ GESTOSO PABLO	5	2	2	0	0	1,5	5,5
PRIETO RIVAS JAVIER	5	2	0	0	0	1	3
ULLA ROCHA, CARLOS	4,30	2	2	1,5	0	2,5	8

*P = PREGUNTA

*** NON SUPERADA PRIMEIRA PROBA ELIMINATORIA

5. Puntuación total acadada polos aspirantes.

A base 8 da convocatoria establece que a puntuación total acadada neste proceso de selección vira determinada pola suma das puntuacións acadadas na fase de concurso e na fase de oposición, polo que pro parte do tribunal se procede á e puntuación total acadada polos aspirantes que superaron o primeiro, segundo e terceiro exercicio do proceso selectivo. Resultando o seguinte:

PUNTUACION TOTAL ACADADA NO PROCESO SELECTIVO

ASPIRANTE	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	MERITOS	TOTAL PUNTOS
BELLO CASTRO MANUEL	9,5	7	CELGA 3	0	16,5
GONZALEZ GESTOSO PABLO	5,3	5,5	CELGA 3	0	10,8
ULLA ROCHA CARLOS	9	8	CELGA 3	0	17

6. Proposta do listado dos aspirantes por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección.

Establece a base 10 da convocatoria que a cualificación definitiva do proceso selectivo estará

CONCELLO DE FRIOL

PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE PEÓNS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL.

determinada pola suma total das puntuacións obtidas nos dous exercicios da fase de oposición mais a dos méritos acreditados na fase de concurso.

Finalizado o proceso de realización das probas establecidas e a avaliación dos méritos que anteriormente se concretan , a Comisión Técnica de Selección/Tribunal, confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, e remitirá ao órgano competente proposta de candidatos/ para a formulación do contrato, concedéndose un prazo de dous días hábiles para alegacións que resolverá Alcalde previo informe da comisión de selección. Resultando o seguinte:

ASPIRANTE	TOTAL PUNTOS
ULLA ROCHA CARLOS	17
BELLO CASTRO MANUEL	16,5
GONZALEZ GESTOSO PABLO	10,8

(*) Empates na puntuación: A base 8 do proceso de selección establece que en caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta o aspirante con maior puntuación obtida no segundo exercicio da fase de oposición(proba práctica). No caso de persistir o empate este resolverase tendo en conta o aspirante con maior puntuación no primeiro exercicio (proba test). De persistir o empate este resolverase mediante sorteо que se realizará en presenza dos interesados.

Os interesados disporán dun prazo de dous días hábiles, contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións, que consideren oportunas no Rregistro Xeral do Concello de Friol.

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes, e ditarse resolución definitiva da Alcaldía na que se aprobará esta lista. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Friol, e substituirá ás notificacións individuais ós interesados, conforme ao disposto no artigo 45 da PACAP.

Non habendo mais asuntos que tratar o Presidente levanta a sesión á hora que se indica no encabezamento, asinando os asistentes a presente acto, de todo o que, como Secretario, dou fe.

